



## ANUNCIO

Resultando vacante o vindeiro 1 de setembro de 2018 o posto de xefe de brigada do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais deste concello que debe estar operativa ata o 19 de outubro de 2018 e unha vez manifestado polo suplente para dita praza non estar interesado no mesmo, resulta necesario levar a cabo a contratación laboral urxente o 1 de setembro de 2018 dun xefe/a de brigada co fin de evitar a declaración da inoperabilidade do servizo.

Considerando as necesidades urxentes de levar a cabo a citada contratación con efectos do 1 de setembro de 2018 para non cancelar a prestación de dito servizo resulta necesario **efectuar a presente oferta laboral urxente para a contratación con efectos do 1 de setembro de 2018 dun xefe de brigada para o servizo de prevención e defensa contra incendios forestais deste concello que se extenderá ata o 19 de outubro de 2018** que reúna, no momento de presentación da solicitude, os requisitos que a continuación se sinalan:

a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional doutro Estado membro da U.E. ou daqueles Estados aos que se refire e nas que condicións que establece o artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder, como persoal laboral, en igualdade de condicións que as persoas españolas.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desenvolvemento das funcións correspondentes á praza acreditaranse por certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso. Os aspirantes con alguna discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas para que poidan concorrer en igualdade de condicións co resto dos aspirantes. Neste caso, aplicarase o establecido na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño (BOE do 13 de xuño de 2006), pola que se establecen os criterios para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade ou norma que no futuro a substitúa. Para estes efectos, os tribunais poderán requirir informes ou a colaboración doutros órganos administrativos ou da Administración sanitaria.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, agás que por lei se estableza outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público de que se trate.

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos

públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión da titulación de Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.

f) Posuir o carné de conducir tipo B.

**O prazo de presentación de solicitudes será ata o venres 31 de agosto de 2018 ás 12:00 horas.**

No suposto de non presentarse máis solicitudes que prazas non será necesario levar a cabo proceso selectivo.

No suposto de que se presenten máis solicitudes que prazas constituirase unha comisión seleccionadora designada pola Alcaldía ás 13:00 horas dese mesmo día co fin de valorar os seguintes méritos dos candidatos:

- . Por servizos prestados á Administración na categoría de xefe de brigada ou capataz, formando parte da brigada ou o servizo de prevención e defensa contra incendios forestais:
  - No Concello de Oza-Cesuras ou antigos de Oza dos Ríos e Cesuras:
    - . 7 puntos por mes ata un máximo de 100,00 puntos.
  - Noutros concellos:
    - . 4 puntos por mes ata un máximo de 100,00 puntos.
  - Noutras Administracións públicas:
    - .3 Puntos por mes ata un máximo de 100,00 puntos.

A estimación dos méritos publicarase na páxina web e se comunicará telefónicamente ao seleccionado ou seleccionada a quen se convocará para a realización das probas médicas e físicas correspondentes que deberá superar con carácter previo á súa contratación.

Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

**O ALCALDE,**

Asdo.- José Pablo González Cacheiro